

I. DATOS XERAIS DA MATERIA

a) Nome oficial.	Técnicas Estatísticas para ARI
b) Titulación.	ADE
c) Créditos	4.5 (Teóricos 3; Prácticos 1.5)
d) Curso.	Quinto (Esp. Dir Xeral)
e) Código da materia.	611211622
f) Tipo.	Optativa
g) Impartición.	Cuatrimestral
h) Departamento/s responsable/s.	Economía Aplicada II
i) Profesor/a coordinador/responsable da docencia	

Información por grupo (Grupo Único)

j) Nome e apelidos do profesor/a que impartirá docencia
Xosé Ml. Martínez Filgueira

k) Lugar e horario de titorías
Xosé Ml. Martínez Filgueira:
Despacho 342, 3ª planta, Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Martes 11 – 14
Xoves 11 – 14

l) E-mail
Xosé Ml. Martínez Filgueira: xosemanuel@estadistica.es

m) Universidade Virtual SI
Web da asignatura: <http://www.udc.es/dep/ecoapl2/esteco1/tecnicas/>

5) Lingua na que se impartirá a docencia
galego

II. OBXETIVOS DA MATERIA

1. Coñecer técnicas básicas de Análise Multivariante.
2. Coñecer e manexar software estatístico de análise de datos multivariantes.

III. METODOLOXÍA

Clase maxistral: na que se explicará a parte teórica da asignatura e se comentarán exemplos da aplicación dos métodos

Clases prácticas: na aula de informática, na que se amosará a utilización dun paquete estatístico (neste curso R) e nas cales os alumnos farán os exercicios da asignatura.

O reparto entre un tipo e outro de clases axústase ó reparto de créditos teóricos e prácticos, sen embargo poden variar nunha ou noutra dirección en función das necesidades docentes.

IV. AVALIACIÓN

A avaliación realizarase ó longo do periodo docente, combinando a realización e exposición de **4 traballos** enfocados cara ós temas 4, 5, 6 e 7 e que corresponden ó 40%

da nota final, con **dúas probas parciais** (temas 1 a 5, e 6 a 8), **cada unha** delas corresponde ó **30% da nota final**.

Os alumnos que non obteñan unha nota mínima en cada unha destas probas (4 sobre 10) deberán repetir esa parte na data correspondente ó exame final.

De xeito alternativo poderase obter por facer só o exame final, que consistirá nunha parte escrita (60% da nota) e unha parte practica, (40% da nota) na que se realizará o equivalente ós 4 traballos da asignatura na aula de informática.

Ademais débese obter na parte escrita un mínimo de 4 sobre 10 para que se corrixa a parte práctica

Este mesmo tipo de exame será o que se realizará en setembro e decembro (convocatoria extraordinaria de Febreiro)

V. TEMAS OU BLOQUES DE CONTIDOS

- 1.- Introducción e conceptos básicos
- 2.- Introducción ó manexo de un paquete estatístico (neste curso: R)
- 3.- Análise Previa dos Datos.
- 4.- Análise da varianza.
- 5.- Métodos de Reducción de Datos
- 6.- Métodos de Agrupación
- 7.- Métodos de Clasificación
- 8.- Novas tendencias: Introducción á Análise de Datos Masivos

VI. RECOMENDACIÓNS

Son necesarios coñecementos de Cálculo de Probabilidades e Inferencia Estatística, cun nivel equivalente ó que se obtén superando as Estatísticas Empresariais I e II, tanto da Licenciatura en ADE como da Diplomatura de Empresariais.

VII. FONTES DE INFORMACIÓN

Bibliografía:

- Hair, J.F.; Anderson, R.E.; Thatam, R.L; Black, W.C. (1999): *Análisis Multivariante*. Editorial Prentice Hall. Madrid.
- Lévy Mangin, Jean- Pierre; Varela Mallou, Jesús (2003): *Análisis Multivariante para las Ciencias Sociales*, Pearson Prentice Hall, Madrid.
- Peña, Daniel (2002): *Análisis de datos multivariantes*, Mc-Graw Hill, Madrid.
- Uriel, Ezequiel (1995): *Análisis de datos. Series Temporales y Análisis Multivariante*, AC, Madrid.

Aparte desta breve lista, existe na biblioteca unha ampla variedade de libros sobre Técnicas Multivariantes en castelán e inglés.

Na web:

Web dunha empres a que traballa con Estatística e na que aparecen introduccións a moitos métodos entre eles os que se tratan na asignatura: <http://www.estadistico.com>

Web da asignatura na que se colocará o material entregado polos profesores:

<http://www.udc.es/dep/ecoapl2/esteco1/tecnicas/>